



Darwin 2009

150 anos da teoría da evolución

Bicentenario do nacemento de Darwin

www.darwin2009.csic.es



Imaxe da primeira edición d'*A orixe das especies*, de 1859.


A orixe das especies

Darwin considerou que era preciso explicar con máis extensión a súa proposta evolucionista, comezando inmediatamente a preparar unha exposición da súa teoría nun libro. Decidiu resumir o manuscrito que posuía e completou o volume, redactando as partes ou os capítulos que aínda lle quedaban pendentes para completar a súa teoría da evolución.


O libro *On the Origin of Species by Natural Selection, or the Preservation of Favoured Races in the Struggle for Life* (A orixe das especies por medio da selección natural, ou a preservación das razas favorecidas na loita pola existencia) publicouse o 24 de novembro de 1859 en Londres. Ese mesmo día esgotáronse as existencias: todos os exemplares, as 1.250 copias que formaban a tiraxe da primeira edición ao prezo de 15 xilins, foron vendidos.

Unha segunda edición de 3.000 exemplares apareceu en xaneiro de 1860. E despois unha terceira en 1861, revisada e corrixida, na que se engade a noticia histórica (*Historical Sketch*) dos autores e antecedentes da teoría evolucionista. A sexta edición de 1872 considérase a edición definitiva. As edicións modernas da obra seguen o texto desta última edición, que difire bastante do da primeira.

Como o propio Darwin afirmou, *A orixe das especies* representa unha longa demostración da evolución das especies.



Ao referirse aos caracteres sexuais das aves, Darwin comentaba que os machos podían posuír armas especiais para loitar. As femias, que podían ser seducidas con músicas, vocal ou instrumental, estaban enfeitadas con cristas, protuberancias, bochos, moños, penachos e longas plumas. Os machos podían cortejar as femias polo aire ou executando fantásticos movementos no chan.



A pequenez dos insectos impedía segundo Darwin apreciar a súa asombrosa construción. Así, o *Chalcosoma atlas* macho, coa súa cota de malla puída e bronceada e os seus grandes cornos complexos, se tivera as dimensións dun cabalo ou dun can, constituiría un dos animais máis notables do globo.

A teoría da descendencia con modificacións

O texto pode considerarse dividido en tres partes. A primeira comprende os cinco primeiros capítulos, en que se describe propiamente a teoría da selección natural. Logo de explicar os conceptos básicos da súa proposta, nunha segunda parte, que ocupa os capítulos intermedios, Darwin discute as obxeccións que prevé que lle poderían formular en contra da súa teoría evolucionista. Por último, nos capítulos finais, ademais de defender a evolución fronte á explicación creacionista, expón numerosos fenómenos biolóxicos que se explicaban perfectamente por medio da teoría da descendencia con modificacións, como o propio Darwin lle chamou.

A orixe do xénero humano

Consciente das implicacións da súa teoría sobre as orixes da humanidade, Darwin escribiu en 1871 *The Descent of Man, and Selection in Relation to Sex* (A descendencia do home e a selección en relación co sexo), onde discutiu sobre aspectos das súas teses evolucionistas aplicadas ao xénero humano.

Na última década da súa vida, Darwin seguiu traballando nos seus materiais sobre a variación e a herdanza, e abordou liñas de investigación fundamentalmente botánicas.